

## **Difusión internacional da rendibilidade económica de organizar eventos de natación en Galicia**

Vén de ser publicado pola editorial estadounidense IGI-Global un libro sobre marketing deportivo onde nun dos seus capítulos dáse conta dos beneficios, tanto dende un punto de vista económico como turístico, de organizar campiónatos de natación na nosa Comunidade. Nomeadamente, e baixo o título [Sport Events as a Tool for City Marketing: The Case of the Spanish Swimming Master Championship](#), reflicte un estudio realizado para o Campionato de España Master celebrado en Pontevedra en 2011. Os autores do traballo son os profesores da Universidade de Vigo, Angel Barajas (coordinador do [Master en Xestión Empresarial do Deporte](#) co que a FEGAN colabora) e Patricio Sánchez (secretario do citado Master e tamén membro do Comité Galego de Árbitros).

Os resultados permiten comprobar como o impacto económico neto que supuxo a organización desta proba na cidade de Pontevedra superou os 370.000 euros o que supón un impacto diario resultante de máis de 93.000 euros. Asemade, o estudo tamén conclúe que a ratio de retorno do financiamento público foi de 15,53. Isto quere dicir, que por cada euro que a administración local destinou á organización do Campionato Máster de Natación ingresáronse máis de 15 euros nos diferentes negocios da cidade.

Polo que se refire á repercusión en termos turísticos, tanto a imaxe da cidade de Pontevedra como lugar para celebrar o evento, como a imaxe do evento en xeral, recibiu unha puntuación moi positiva por parte dos enquisados (en ambos os casos por riba do 4 sobre 5).

Estes resultados, así como a súa difusión internacional, constitúen unha boa base e gran estímulo para a organización no mes de febreiro do vindeiro de Campionato de España Master de Inverno. Este evento terá como sede novamente a piscina de Pontemuiños de Pontevedra e as súas previsións son de excelentes rexistros tanto no deportivo como no organizativo.